

Lei 2/1985, do 26 de febreiro, de ordenación de pesca marítima en augas da Comunidade Autónoma de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 325, do 21.9.1984.

Emendas, BOPG núm. 336, do 17.10.1984.

Debate de totalidade, DSPG núm. 91, do 6.11.1984.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 374, do 16.2.1985.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 376, do 22.2.1985.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 376, do 22.2.1985.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 103, do 26.2.1985.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 381, do 2.3.1985.

Diario Oficial de Galicia núm. 66, do 6.4.1985.

Boletín Oficial del Estado núm. 109, do 7.5.1985.

Lei 2/1985, do 26 de febreiro, de ordenación de pesca marítima en augas da Comunidade Autónoma de Galicia

Esta lei foi derogada pola Lei 6/1993, de pesca de Galicia.

A importancia da actividade pesqueira nas augas de competencia exclusiva de Galicia, como base da economía das xentes do noso litoral, fai necesario arbitrar-las medidas adecuadas e no prazo máis breve posible, tendentes a frea-la situación de sobrepesca existente a través dunha explotación racional das nosas augas.

En moitos casos a dispersión e outros a carencia de disposicións lexislativas obriga a elaborar unha Lei que, ó amparo do artigo 148.1.11 da Constitución e do 27.15 do Estatuto, regula de xeito harmónico e uniforme a actividade pesqueira en augas da nosa competencia exclusiva.

A traxectoria seguida pola actividade pesqueira nos últimos anos móstranos que só a utilización das artes de pesca selectivas tenderán a frea-la sobreexplotación pesqueira que padecemos. A continementación da frota artesanal e a limitación da súa capacidade extractiva fomentarán a profesionalización e elevarán o nivel económico e social dos nosos pescadores, así como a homologación das artes de pesca favorecerá o control e a vixilancia do sector.

A estas finalidades pretende responde-la presente Lei, tratando de respetar canto era aproveitable da lexislación pre-existente e contemplando outras disposicións que sirvan de nexo entre a situación legal e consuetudinaria anterior e a que se pretende configurar no actual texto.

En virtude do artigo 37.2 do Estatuto de Autonomía, e sendo a pesca en augas interiores competencia exclusiva pola súa inclusión no artigo 27.15, o Parlamento de Galicia aprobou e eu promulgo, en nome de El-Rei, a seguinte Lei.

Artigo 1

1. Regúlase pola presente Lei a actividade extractiva pesqueira en augas marítimas de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia, procurando a conservación, fomento e aproveitamento dos peixes, crustáceos e cefalópodos que, de maneira permanente ou transitoria, as habitan.

2. A estes efectos enténdese por augas marítimas de exclusiva competencia da Comunidade Autónoma as comprendidas desde o seu límite exterior ata onde se reflexa o efecto das maiores mareas equinocciais.

Artigo 2

1. Poderá exercer a actividade pesqueira en augas de competencia exclusiva de Galicia todo español maior de 16 anos ou extranxeiro legalmente autorizado. Regulamentariamente dictaranse as normas de control sobre o acceso á actividade pesqueira nas devanditas augas, tanto das persoas que exerzan a actividade coma das embarcacións que utilicen.

2. A autorización para o exercicio da actividade pesqueira será outorgada pola Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Artigo 3

É competencia da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, a fin de non sobrepassalo rendemento máximo soportable, conseguindo á vez unha mellora socio-económica, determinar:

1.— A limitación do número de embarcacións que poden operar en augas interiores.

2.— O tipo de embarcación que se considere máis idóneo para unha determinada actividade pesqueira atendendo ás tonelaxes e potencias motrices máis convenientes para cada actividade.

3.— As artes de pesca bioloxicamente máis aceptables, prohibindo ou modificando aquelas que pola práctica, a experiencia, os estudos biolóxicos ou o estado de explotación das nosas especies se consideren nocivas.

4.— O número de artes e aparellos de pesca en función do ámbito de utilización, tripulantes por embarcación e modalidade da pesca.

Artigo 4

Queda prohibida con carácter xeral a pesca de arrastre en calquera das súas modalidades.

Non obstante, con carácter excepcional a Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá regulamentariamente autorizar certas modalidades de arrastre, cando o seu baixo grado de nocividade o permita ou cando o abastecemento de engado vivo para outras actividades pesqueiras así o aconselle.

Artigo 5

Correspóndelle á Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación:

1.— A protección e fomento das especies para o cal poderá delimitar zonas ou áreas de veda de forma fixa ou estacional. Do mesmo xeito poderanse establecer vedas, parciais ou xerais, destas especies naquelas zonas que polas condicións biolóxicas ou sanitarias así o requiran.

2.— Regula-la pesca e captura de determinadas especies que por razón da súa supervivencia e fomento requiran unha protección especial.

3.— Establece-lo horario de actividade pesqueira, os días da ante-

dita actividade e o tempo de calamento continuado das artes.

4.— Fixa-los límites de cada bahía, ría ou enseada, que delimiten o uso de determinadas modalidades pesqueiras.

Artigo 6

É competencia da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación:

1.— O establecemento das tallas mínimas permisibles en orde á captura de especies obxecto desta Lei.

2.— A inspección das especies vedadas ou de talla inferior á legal.

3.— A defensa e ordenación da denominación de orixe dos produtos derivados de especies obxecto da presente Lei.

Artigo 7

Como norma xeral, a primeira venda das especies reguladas nesta Lei terá que efectuarse preceptivamente nas lonxas ou lugares que para tal fin establecerá a autoridade competente.

Artigo 8

A Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación prestaralle asesoramento e información técnica ó sector pesqueiro a través dos seus centros de investigación mariña. Correspóndelle á devandita Consellería o recoñecemento e control do medio mariño, en relación coa ordenación pesqueira

obxecto desta Lei, na forma e condicións que regulamentariamente se determinen.

Disposición transitoria única

1. Entremetres non dispoña a Comunidade Autónoma Galega dun Ente que asuma as funcións de vixilancia pesqueira, a Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación coordinará as súas de vixilancia coas autoridades que exercen competencia na mesma materia.

2. En canto a Comunidade Autónoma non lexisle sobre o particular, as infraccións ó previsto nesta Lei, e demais disposicións que a desenvolvan, serán sancionadas con arreglo ás normas contidas nas Leis 168/61, sobre sancións por faltas cometidas contra leis, regulamentos e regras xerais de policía de navegación das industrias mariñas e de portos, e a 53/82, sobre sancións por infraccións en materia de pesca e marisqueo fluctuante.

Disposición adicional primeira

As actividades pesqueiras de carácter recreativo que se realicen no ámbito obxecto desta Lei, serán reguladas pola Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, recoñecendo os permisos de pesca recreativa emitidos pola Administración do Estado e outros Entes territoriais.

Disposición adicional segunda

A Xunta de Galicia verificará o desenvolvemento regulamentario da presente Lei no término de seis meses.

Disposición derradeira primeira

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan a esta Lei.

Disposición derradeira segunda

Esta Lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 1985

Gerardo Fernández Albor
Presidente